| Informe:                                          |                     |                                                                                                                 |                     |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. |                     |                                                                                                                 |                     |
| Denominación:                                     | GABRIEL SANTOS REGO |                                                                                                                 |                     |
| NIF/CIF:                                          | 37359532B           |                                                                                                                 |                     |
| Importe (IVE incluído):                           | 1.269,66 €          |                                                                                                                 |                     |
| Observacións:                                     |                     |                                                                                                                 |                     |

|                                                   |                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                                                        |                                 |            |
|---------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------|------------|
| Nº Proposta                                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | 14                                                                                                     | Data                            | 27/11/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA                               |                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Enxeñeira Municipal-Educación<br>Uxía Landeira Pereira                                                 |                                 |            |
| DESCRICIÓN DO GASTO                               |                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Reparación de ascensor do Colexio de Frións (Carreira) danado pola tormenta da noite do 2 ao 3/11/2017 |                                 |            |
| Nº orzamentos aportados                           | 1                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | Provedores                                                                                             | THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U. |            |
| Informe:                                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                                                        |                                 |            |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. |                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                                                        |                                 |            |
| Denominación:                                     | THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.                                                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                                                        |                                 |            |
| NIF/CIF:                                          | B46001897                                                                                                                                                                                                                                                                                          |                                                                                                        |                                 |            |
| Importe (IVE incluído):                           | 374,95 €                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                                                                                                        |                                 |            |
| Observacións/Anexo ao acordo:                     | Así mesmo, a <b>Xunta de Goberno Local</b> , por unanimidade dos presentes, <b>acorda</b> que se proceda a reclamar á correduría de seguros "Artai Consultores de Seguros" os gastos polos danos no ascensor do Colexio de Frións (Carreira), ocasionados pola tormenta da noite do 2 ao 3/11/2017 |                                                                                                        |                                 |            |

|                                                   |                                                                                                  |            |                        |
|---------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------------------------|
| Nº Proposta                                       | 15                                                                                               | Data       | 24/11/2017             |
| SERVIZO/CONCELLERÍA                               | Concellería de Turismo e Comercio<br>Jesús Freire Brión                                          |            |                        |
| DESCRICIÓN DO GASTO                               | Actuación o día 01/12/2017 co motivo da inauguración da zona peonil da Avenida Rosalía de Castro |            |                        |
| Nº orzamentos aportados                           | 1                                                                                                | Provedores | CHARANGA O´SANTIAGUIÑO |
| Informe:                                          |                                                                                                  |            |                        |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. |                                                                                                  |            |                        |
| Denominación:                                     | CHARANGA O´SANTIAGUIÑO                                                                           |            |                        |
| NIF/CIF:                                          | G70162409                                                                                        |            |                        |
| Importe (IVE exento):                             | 600,00 €                                                                                         |            |                        |
| Observacións:                                     |                                                                                                  |            |                        |

|                                                   |   |                                                                                                    |                        |            |
|---------------------------------------------------|---|----------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|------------|
| Nº Proposta                                       |   | 16                                                                                                 | Data                   | 23/11/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA                               |   | Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá<br>Víctor Reiriz Lampón                              |                        |            |
| DESCRICIÓN DO GASTO                               |   | Subministración de 20 botes antiavespas de longo alcance para retirada de nidos de avispa velutina |                        |            |
| Nº orzamentos<br>aportados                        | 1 | Provedores                                                                                         | FERRETERÍA BRIÓN, S.L. |            |
| Informe:                                          |   |                                                                                                    |                        |            |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. |   |                                                                                                    |                        |            |






|                            |                        |  |
|----------------------------|------------------------|--|
| Denominación:              | FERRETERÍA BRIÓN, S.L. |  |
| NIF/CIF:                   | B70474747              |  |
| Importe<br>(IVE incluído): | 943,80 €               |  |
| Observacións:              |                        |  |

|                                                   |                                      |                                                                                                  |                                      |            |
|---------------------------------------------------|--------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------|------------|
| Nº Proposta                                       |                                      | 17                                                                                               | Data                                 | 28/11/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA                               |                                      | Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente<br>Elvira Pereira Ageitos                         |                                      |            |
| DESCRICIÓN DO GASTO                               |                                      | Subministración de macetas e plantas para a nova zona peatonalizada da Avenida Rosalía de Castro |                                      |            |
| Nº orzamentos aportados                           | 1                                    | Provedores                                                                                       | ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L. |            |
| Informe:                                          |                                      |                                                                                                  |                                      |            |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. |                                      |                                                                                                  |                                      |            |
| Denominación:                                     | ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L. |                                                                                                  |                                      |            |
| NIF/CIF:                                          | B15847460                            |                                                                                                  |                                      |            |
| Importe (IVE incluído):                           | 1.016,32 €                           |                                                                                                  |                                      |            |
| Observacións:                                     |                                      |                                                                                                  |                                      |            |

|                                                   |                       |                                                                                                              |                                                            |            |
|---------------------------------------------------|-----------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|------------|
| Nº Proposta                                       |                       | 18                                                                                                           | Data                                                       | 21/11/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA                               |                       | Enxeñeira Municipal<br>Uxía Landeira Pereira                                                                 |                                                            |            |
| DESCRICIÓN DO GASTO                               |                       | Redacción do proxecto de "Instalación de rede de saneamento con pozo de bombeo no lugar de Muíños (Oleiros)" |                                                            |            |
| Nº orzamentos<br>aportados                        | 3                     | Provedores                                                                                                   | - MANUEL QUINTANA LÓPEZ<br>- AQUÁTICA INGENIERÍA<br>- IDOM |            |
| Informe:                                          |                       |                                                                                                              |                                                            |            |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. |                       |                                                                                                              |                                                            |            |
| Denominación:                                     | MANUEL QUINTANA LÓPEZ |                                                                                                              |                                                            |            |
| NIF/CIF:                                          | 09442709J             |                                                                                                              |                                                            |            |
| Importe<br>(IVE incluído):                        | 7.042,20 €            |                                                                                                              |                                                            |            |
| Observacións:                                     |                       |                                                                                                              |                                                            |            |

|                                                   |             |                                                                                                                           |             |            |
|---------------------------------------------------|-------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|------------|
| Nº Proposta                                       |             | 19                                                                                                                        | Data        | 29/11/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA                               |             | Concellería de Benestar Comunitario<br>Manuel Emilio Pérez Outeiral                                                       |             |            |
| DESCRICIÓN DO GASTO                               |             | Subministración e colocación de marquesiña modelo Brión e Saiñas (Palmeira), para repoñer por mor de accidente de tráfico |             |            |
| Nº orzamentos<br>aportados                        | 1           | Provedores                                                                                                                | MARLO, S.L. |            |
| Informe:                                          |             |                                                                                                                           |             |            |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. |             |                                                                                                                           |             |            |
| Denominación:                                     | MARLO, S.L. |                                                                                                                           |             |            |
| NIF/CIF:                                          | B70292982   |                                                                                                                           |             |            |
| Importe<br>(IVE incluído):                        | 2.734,60 €  |                                                                                                                           |             |            |
| Observacións:                                     |             |                                                                                                                           |             |            |

|                     |                          |      |            |
|---------------------|--------------------------|------|------------|
| Nº Proposta         | 20                       | Data | 28/11/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Educación |      |            |





|                                                   |                                                                 |                                                |                              |
|---------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|------------------------------------------------|------------------------------|
|                                                   |                                                                 | Mª Herminia Pouso Maneiro                      |                              |
| DESCRICIÓN DO GASTO                               |                                                                 | Subministración de piano Yamaha U3H restaurado |                              |
| Nº orzamentos<br>aportados                        | 2                                                               | Provedores                                     | - MANUEL TABOADA VARELA<br>- |
| Informe:                                          | Secretario do Conservatorio-José Fungueiriño Ramos (28/11/2017) |                                                |                              |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. |                                                                 |                                                |                              |
| Denominación:                                     |                                                                 | MANUEL TABOADA VARELA                          |                              |
| NIF/CIF:                                          |                                                                 | 76808578D                                      |                              |
| Importe<br>(IVE incluído):                        |                                                                 | 4.658,50 €                                     |                              |
| Observacións:                                     |                                                                 |                                                |                              |

### **APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS (VIII RUTA BTT DO NADAL).**

Visto o informe/proposta de aprobación de prezo público do Concelleiro Delegado de Deportes, Anxo Orellán Fernández, de data 27/11/2016, no que solicita a aprobación de prezo público para a participación na VIII Ruta BTT do Nadal.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/11/2017

Vista a documentación que consta no expediente

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda**

**1.-** A aprobación do establecemento dun **prezo público de 6,00 €** por participante na VIII Ruta BTT do Nadal, en base á Ordenaza Fiscal C.3 Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello, no seu artigo 4.2.

**2.-** **Publicar un anuncio** que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ata que as actividades previstas teñan rematado.

### **III.- CONTRATACIÓN.**

#### **1.- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE CATERING PARA A CELEBRACIÓN DO "ENCONTRO DO MAIOR 2017".**

Visto o expediente que se tramita para contratar o **Servizo de catering para a celebración do "Encontro do maior 2017"**, cun orzamento total de licitación de 46.000,00 euros (orzamento base: 41.818,18 euros; IVE 10%: 4.181,82 euros).







O expediente de contratación (por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación -prezo máis baixo- e con tramitación ordinaria), o prego de prescricións técnicas, o prego de cláusulas administrativas particulares, e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 231A.226.99, foron aprobados por decreto da alcaldía de data 30/10/2017.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 209, da data 03/11/2017 e no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na mesma data.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito á oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios, na data 22/11/2017 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación unicamente presentou a oferta a seguinte empresa:

“José Fajardo, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 20/11/2017, co número 18.327.

A apertura do sobre “A” (de documentación administrativa simplificada) da única oferta presentada foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 22/11/2017, na que se acordou declarar admitida a esta licitación á única empresa presentada (José Fajardo, S.L.), por considerar que a documentación aportada é correcta.

A apertura do sobre “B” do único licitador presentado e admitido, comprensivo da súa oferta económica realizouse pola Mesa de Contratación na súa mesma reunión de data 22/11/2017, co seguinte resultado:

| Licitador          | Oferta económica         |
|--------------------|--------------------------|
|                    | Valor estimado (sen IVE) |
| José Fajardo, S.L. | 41.500,00 euros          |

Visto o resultado anterior, e tendo en conta que, conforme establece a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa xa mencionada reunión da data 22/11/2017, vista a cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos, a alcaldía mediante decreto de data 22/11/2017 resolveu:

- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación do SERVIZO DE CATERING PARA A CELEBRACIÓN DO “ENCANTRO DO MAIOR 2017”, do seguinte xeito:





| Orde  | Licitador          | Prezo ofertado<br>(IVE. 10% incluído) |
|-------|--------------------|---------------------------------------|
| Único | José Fajardo, S.L. | 45.650,00 €                           |

- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, REQUIRIR A "JOSÉ FAJARDO, S.L.", que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

A citada resolución foi notificada á empresa requirida na data 23/11/2017.

Dentro do prazo concedido a empresa "José Fajardo, S.L." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 29/11/2017 co número 18.899), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva, fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 29/11/2017, xustificativa de constitución da garantía definitiva do contrato por importe de 2.075,00 euros.

Vista a proposta de contratación formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 29/11/2017.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 29/11/2017.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO**.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

**SEGUNDO**.- De conformidade co establecido na cláusula 19 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co





disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada por decreto da alcaldía de data 22/11/2017, **adxudica-lo contrato para prestar o “Servizo de catering para a celebración do “Encontro do maior 2017” á empresa “José Fajardo, S.L.” (NIF número B-15320187), no prezo total do contrato de 45.650,00 euros (Base: 41.500,00 euros; IVE 10%: 4.150,00 euros).**

**TERCEIRO.-** De conformidade co establecido na cláusula 20 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

**CUARTO.-** De conformidade coa cláusula 21 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente, designar como responsable do contrato á xefa do departamento municipal de servizos sociais María Francisca Vidal Regueira.

**QUINTO.-** De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

## **2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “MELLORA DO ILLAMENTO E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA BIBLIOTECA MUNICIPAL E NO CENTRO CULTURAL LUSTRES RIVAS (RIVEIRA).**

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **“Mellora do illamento e eliminación de barreiras arquitectónicas na biblioteca municipal e no centro cultural Lustres Rivas (Riveira)”**, cun orzamento total de licitación de 30.492,00 euros (orzamento base: 25.200,00 euros; IVE 21%: 5.292,00 euros) e un prazo de execución de 1,5 meses.

O investimento foi incluído na **“4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015”**, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 29/06/2016, segundo a Circular da data 04/07/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 06/07/2016, co número 8.912)





O proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2015, foi aprobado por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 30/11/2015.

O expediente de contratación, por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación (factor prezo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933.629.00, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 20/04/2017.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 80, da data 28/04/2017, no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na mesma data e no diario La Voz de Galicia na súa edición da data 05/05/2017.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios na data 11/09/2017 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

1) Construcciones Anspal, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/05/2017, co número 7.052.

2) SYR-AMG, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/05/2017, co número 7.900.

3) Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 18/05/2017, co número 8.034.

4) GR Construcciones Obras y Servicios, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 18/05/2017, co número 8.045.

5) Excavaciones Darío, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/05/2017, co número 8.339.

6) Properdis Empresa de Inserción Laboral, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.408.

7) Excavaciones Nima, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.412.

8) Sonense de Granitos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.420.

9) Domínguez Arias e Hijos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.436.


10) Digar de Artes, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.475.

11) Construcciones Oñal, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.442.

12) Tarrío y Suárez, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.477.

13) Vías y Servicios Generales, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.486.

14) Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.389.





15) Tamara Fernández Pérez.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.493.

16) Excave 2000, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.563, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

17) CYS Hispania, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.567, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

18) Terrauga Proyectos y Obras, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.572, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

19) Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.594, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

20) Naturgalia, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.596, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

21) Jardincelas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.603, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

22) Aquablue Sistemas Constructivos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.626, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

23) Asproesga, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.640, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.


24) Arines Obras y Proyectos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.646, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

25) Construcciones D. Ogando, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.651, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

Unha vez realizada a apertura dos sobres "A", de documentación administrativa simplificada de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do estudio da documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 13/09/2017, acordou:

*A.- Declarar admitidas a esta licitación ás empresas Construcciones Anspal, S.L., Excavaciones Darío, S.L., Excavaciones Nima, S.L., Sonense de Granitos, S.L., Domínguez Arias e Hijos, S.L., Digar de Artes, S.L., Construcciones Oñal, S.L., Tarrío y Suárez, S.L., Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L., Tamara Fernández Pérez e Arines Obras y Proyectos, S.L. por considerar que a documentación administrativa simplificada aportada é correcta.*

*B.- Requerir ós licitadores que se indica a continuación para que, no prazo improrrogable de 3 días hábiles (contado desde o día seguinte, inclusive, ó da recepción do requirimento que se lle envíe), de conformidade co artigo 81.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento*







*Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste expediente, presenten a documentación que en cada caso se indica, baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non proceden á emenda da documentación:*

– *As empresas SYR-AMG, S.L.U., Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento, S.A., GR Construcciones Obras y Servicios, S.L.U., Properdis Empresa de Inserción Laboral, S.L.U., Excave 2000, S.L., CYS Hispania, S.L., Terrauga Proyectos y Obras, S.L., Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A., Naturgalia, S.L., Jardincelas, S.L., Aquablue Sistemas Constructivos, S.L., Asproesga, S.L., Construcciones D. Ogando, S.L. deberán presentar o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos.*

– *A empresa Vías y Servicios Generales, S.L. deberá indicar o porcentaxe de subcontratación descomposto en unidades segundo o modelo de declaración que se indica na cláusula 12.1.1.L do Prego de cláusulas administrativas reitor da contratación.*

Os requirimentos realizáronse por medio de escritos da alcaldía que se rexistraron de saída na data 18/09/2017, e que foron notificados por correo electrónico.


Unha vez rematado o prazo de emenda, e á vista da nova documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 28/09/2017, acordou:

*1ª) Dar por cumpridos os requirimentos de emenda dos defectos ou omisións observados na súa documentación administrativa, e declarar admitidas a esta licitación ás empresas Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento, S.A., Properdis Empresa de Inserción Laboral, S.L.U., CYS Hispania, S.L., Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A., Asproesga, S.L. e Vías y Servicios Generales, S.L.*

*2ª) Declarar excluídas da licitación as empresas SYR-AMG, S.L.U., GR Construcciones Obras y Servicios, S.L.U., Excave 2000, S.L., Terrauga Proyectos y Obras, S.L., Naturgalia, S.L., Jardincelas, S.L., Aquablue Sistemas Constructivos, S.L. e Construcciones D. Ogando, S.L., por non ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos.*

O acto público de apertura dos sobres “C” (ofertas económicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación celebrouse pola Mesa de Contratación na súa mesma reunión da data 28/09/2017, dando o resultado seguinte:

| Licitador                         | Orzamento base<br>(sen IVE) |
|-----------------------------------|-----------------------------|
| Construcciones Anspal, S.L.       | 20.000,00 €                 |
| Servicios Integrales de Gestión y | 20.200,00 €                 |
| Excavaciones Darío, S.L.          | 23.700,00 €                 |







|                                            |             |
|--------------------------------------------|-------------|
| Properdis Empresa de Inserción Laboral,    | 20.160,00 € |
| Excavaciones Nima, S.L.                    | 22.539,40 € |
| Sonense de Granitos, S.L.                  | 19.500,00 € |
| Domínguez Arias e Hijos, S.L.              | 21.177,07 € |
| Digar de Artes, S.L.                       | 21.035,25 € |
| Construcciones Oñial, S.L.                 | 17.650,00 € |
| Tarrío y Suárez, S.L.                      | 19.154,52 € |
| Vías y Servicios Generales, S.L.           | 20.664,00 € |
| Actividades de Construcción Edificación y  | 25.122,00 € |
| Tamara Fernández Pérez.                    | 18.649,44 € |
| CYS Hispania, S.L.                         | 17.407,72 € |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. | 21.798,00 € |
| Asproesga, S.L.                            | 22.995,86 € |
| Arines Obras y Proyectos, S.L.             | 21.417,48 € |

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas económicas presentadas polas empresas CYS Hispania, S.L. e Construcciones Oñial, S.L. deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa, na súa citada reunión de data 28/09/2017, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificasen as súas ofertas.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación para xustificar as súas respectivas ofertas económicas as dúas empresas requiridas.

Con data 16/10/2017 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra "Mellora do illamento e eliminación de barreiras arquitectónicas na biblioteca municipal e no centro cultural Lustres Rivas (Riveira)"*, no que informa que:

1).- Construcciones Oñial, S.L.

*Segundo os prezos descompostos que adxunta, vai a subcontratar a partida correspondente a "VENT. R.P.T. TRIPLE CRISTAL AL ADONIZADO", o que supón un 65,50 % do orzamento, superando o 60% máximo establecido pola lexislación vixente.*


*Ademais, no Sobre A: Subtitulado "Documentación", indicaban que non ían a subcontratar.*

2).- CYS Hispania, S.L.

*Na documentación aportada contemplan que van a subcontratar as partidas pertencentes á carpintería de aluminio e a varanda de aceiro, sumando un total do 57,774%.*

*Esta porcentaxe non se corresponde co indicado no Sobre A: Subtitulado "Documentación", no que expoñían que ían a subcontratar un 49,88%.*

E segundo o exposto propón *"excluír ás empresas Construcciones Oñial, S.L. e CYS Hispania, S.L. do proceso de licitación"*.





Á vista do citado informe, vista a cláusula 16 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa xa mencionada reunión da data 19/10/2017, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 26/10/2017, adoptou os seguintes acordos:

*PRIMEIRO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/10/2017 así como da documentación presentada polas empresas como xustificación da súas ofertas, excluír da licitación ás seguintes empresas polos motivos que en cada caso se indican:*

- a) CYS Hispania, S.L.: por canto no sobre A da súa oferta (de documentación administrativa) declarou que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados sería dun 49,88%, mentres que na documentación aportada como xustificación da súa oferta económica indica que subcontratará por unha porcentaxe do 57,774%.*
- b) Construcciones Oñial, S.L.: por canto no sobre A da súa oferta (de documentación administrativa) indicaba que non ía a subcontratar, mentres que na documentación aportada como xustificación da súa oferta económica indica que subcontratará un 65,50 % do orzamento das obras, o que supera ademais o 60% establecido como máximo no Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.*

*SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación da "Mellora do illamento e eliminación de barreiras arquitectónicas na biblioteca municipal e no centro cultural Lustres Rivas (Riveira)", do seguinte xeito:*

| Orde | Licitador                               | Orzamento base<br>(sen IVE) |
|------|-----------------------------------------|-----------------------------|
| 1    | Tamara Fernández Pérez                  | 18.649,44 €                 |
| 2    | Tarrío y Suárez, S.L.                   | 19.154,52 €                 |
| 3    | Sonense de Granitos, S.L.               | 19.500,00 €                 |
| 4    | Construcciones Anspal, S.L.             | 20.000,00 €                 |
| 5    | Properdis Empresa de Inserción          | 20.160,00 €                 |
| 6    | Servicios Integrales de Gestión y       | 20.200,00 €                 |
| 7    | Vías y Servicios Generales, S.L.        | 20.664,00 €                 |
| 8    | Digar de Artes, S.L.                    | 21.035,25 €                 |
| 9    | Domínguez Arias e Hijos, S.L.           | 21.177,07 €                 |
| 10   | Arines Obras y Proyectos, S.L.          | 21.417,48 €                 |
| 11   | Eulogio Viñal Obras y Construcciones,   | 21.798,00 €                 |
| 12   | Excavaciones Nima, S.L.                 | 22.539,40 €                 |
| 13   | Asproesga, S.L.                         | 22.995,86 €                 |
| 14   | Excavaciones Darío, S.L.                | 23.700,00 €                 |
| 15   | Actividades de Construcción Edificación | 25.122,00 €                 |

*TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do*



*Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a “Tamara Fernández Pérez”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (excepto a xa presentada na documentación simplificada).*

*De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrência dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.*

*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.*

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 07/11/2017.

Dentro do prazo concedido Tamara Fernández Pérez presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 17/11/2017 co número 18.291. Entre a documentación inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 14/11/2017 por importe de 932,47 euros, en concepto de garantía definitiva do contrato.

Vista a proposta de contratación formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 22/11/2017.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 24/11/2017.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTEs ACORDOS:**

**PRIMEIRO.**- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

**SEGUNDO.**- Declarar excluídos ós seguintes licitadores polos motivos que en cada caso se indican:

- Ás empresas SYR-AMG, S.L.U., GR Construcciones Obras y Servicios, S.L.U., Excave 2000, S.L., Terrauga Proyectos y Obras, S.L., Naturgalia, S.L., Jardincelas, S.L., Aquablue Sistemas Constructivos, S.L. e Construcciones D. Ogando, S.L., por non ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para





tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos.

- Á empresa CYS Hispania, S.L.: por canto no sobre A da súa oferta (de documentación administrativa) declarou que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados sería dun 49,88%, mentres que na documentación aportada como xustificación da súa oferta económica indica que subcontratará por unha porcentaxe do 57,774%.

- Á empresa Construcciones Oñal, S.L.: por canto no sobre A da súa oferta (de documentación administrativa) indicaba que non ía a subcontratar, mentres que na documentación aportada como xustificación da súa oferta económica indica que subcontratará un 65,50 % do orzamento das obras, o que supera ademais o 60% establecido como máximo no Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

**TERCEIRO.-** De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 26/10/2017, **adxudicar o contrato para realizar as obras do proxecto de “Mellora do illamento e eliminación de barreiras arquitectónicas na biblioteca municipal e no centro cultural Lustres Rivas (Riveira)” a Tamara Fernández Pérez (DNI número 53.489.596-Z), nas seguintes condicións contractuais:**

a) Prezo total do contrato: 22.565,82 euros (Base: 18.649,44 euros; IVE 21%: 3.916,38 euros).

b) Prazo de execución: 1,5 meses, segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data novembro/2015.

**CUARTO.-** De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

**QUINTO.-** Designar como Director das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

**SEXTO.-** De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.





### 3.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN DA RÚA FAXINDE E CAMIÑO EN AREEIRO (CASTIÑEIRAS)”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de “**Pavimentación da rúa Faxinde e camiño en Areeiros (Castiñeiras)**”, cun orzamento total de licitación de 93.391,16 euros (orzamento base: 77.182,78 euros; IVE 21%: 16.208,38 euros) e un prazo de execución de 2 meses.

O investimento foi incluído na “**4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015**”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 29/06/2016, segundo a Circular da data 04/07/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 06/07/2016, co número 8.912).

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data outubro/2015, foi aprobado por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 30/11/2015.

O expediente de contratación, por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación (factor prezo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.619.05, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 20/04/2017.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 80, da data 28/04/2017, no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na mesma data, e no diario La Voz de Galicia, na súa edición da data 05/05/2017.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios na data 11/09/2017, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

1) SYR-AMG, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/05/2017, co número 7.902.

2) GR Construcciones Obras y Servicios, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 18/05/2017, co número 8.048.


3) Sondeos Porzuna, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/05/2017, co número 8.342.

4) Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 20/03/2017, co número 8.343.

5) Construcciones Ponciano Nieto, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/05/2017, co número 8.345.

6) Mantido, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.399.

7) F. Gómez y Cía, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data







24/05/2017, co número 8.446.

8) Nemesio Ordóñez, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.459.

9) Vías y Servicios Generales, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.480.

10) Tamara Fernández Pérez.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.489.

11) Excave 2000, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.563, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

12) Mecano Obras y Reformas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.569, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

13) Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.593, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

14) Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.597, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

15) Jardincelas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.605, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

16) Martínez Montes e Hijos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.608, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

17) Canarga, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.612, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

18) Aquablue Sistemas Constructivos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.615, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

19) Excavaciones y Obras Candal, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.623, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

20) Excavaciones y Obras Melchor, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.629, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

21) Arines Obras y Proyectos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.643, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

22) Construcciones D. Ogando, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.645, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

23) Obras y Viales de Galicia, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.655, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.







Unha vez realizada a apertura dos sobres "A", de documentación administrativa simplificada de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do estudo da documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 13/09/2017, acordou:

A.- *Declarar admitidas a esta licitación ás empresas Sondeos Porzuna, S.L., Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L., Construcciones Ponciano Nieto, S.L., Mantido, S.L., Nemesio Ordóñez, S.A., Tamara Fernández Pérez, Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L., Canarga, S.L., Arines Obras y Proyectos, S.L., Obras y Viales de Galicia, S.L. por considerar que a documentación administrativa simplificada aportada é correcta.*

B.- *Requirir ós licitadores que se indica a continuación para que, no prazo improrrogable de 3 días hábiles (contado desde o día seguinte, inclusive, ó da recepción do requirimento que se lle envíe), de conformidade co artigo 81.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste expediente, presenten a documentación que en cada caso se indica, baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non proceden á emenda da documentación:*

- *As empresas SYR-AMG, S.L.U., GR Construcciones Obras y Servicios, S.L.U., F. Gómez y Cía, S.L., Excave 2000, S.L., Mecano Obras y Reformas, S.L., Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A., Jardincelas, S.L., Martínez Montes e Hijos, S.L., Aquablue Sistemas Constructivos, S.L., Excavaciones y Obras Candal, S.L., Excavaciones y Obras Melchor, S.L., Construcciones D. Ogando, S.L. deberán presentar o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos.*

- *A empresa Vías y Servicios Generales, S.L. deberá indicar o porcentaxe de subcontratación descomposto en unidades segundo o modelo de declaración que se indica na cláusula 12.1.1.L do Prego de cláusulas administrativas reitor da contratación.*

Os requirimentos realizáronse por medio de escritos da alcaldía que se rexistraron de saída na data 18/09/2017, e que foron notificados por correo electrónico.

Unha vez rematado o prazo de emenda, e á vista da nova documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 28/09/2017, acordou:

1º) *Dar por cumpridos os requirimentos de emenda dos defectos ou omisións observados na súa documentación administrativa, e declarar admitidas a esta licitación ás empresas F. Gómez y Cía, S.L., Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A., Excavaciones y Obras Candal, S.L. e Vías y Servicios Generales, S.L.*

2º) *Declarar excluídas da licitación ás empresas SYR-AMG, S.L.U., GR Construcciones Obras y Servicios, S.L.U., Excave 2000, S.L., Mecano Obras y Reformas, S.L., Jardincelas, S.L., Martínez Montes e Hijos, S.L., Aquablue Sistemas Constructivos, S.L., Excavaciones y Obras Melchor, S.L. e Construcciones D. Ogando.*





*S.L., por non ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos.*

O acto público de apertura dos sobres "C" (ofertas económicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, celebrouse pola Mesa de Contratación na súa mesma reunión de data 28/09/2017, dando o resultado seguinte:


| Licitador                                  | Orzamento base<br>(sen IVE) |
|--------------------------------------------|-----------------------------|
| Sondeos Porzuna, S.L.                      | 47.444,26 €                 |
| Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.      | 46.857,66 €                 |
| Construcciones Ponciano Nieto, S.L.        | 46.471,75 €                 |
| Mantido, S.L.                              | 65.373,81 €                 |
| F. Gómez y Cía, S.L.                       | 49.994,00 €                 |
| Nemesio Ordóñez, S.A.                      | 50.678,21 €                 |
| Vías y Servicios Generales, S.L.           | 60.588,48 €                 |
| Tamara Fernández Pérez                     | 61.448,44 €                 |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. | 55.031,32 €                 |
| Movimientos de Áridos y Construcciones de  | 51.511,70 €                 |
| Canarga, S.L.                              | 49.008,26 €                 |
| Excavaciones y Obras Candal, S.L.          | 53.821,73 €                 |
| Arines Obras y Proyectos, S.L.             | 53.155,79 €                 |
| Obras y Viales de Galicia, S.L.            | 51.338,84 €                 |

Unha vez realizadas as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, e resultando que as ofertas económicas presentadas polas empresas Construcciones Ponciano Nieto, S.L., Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L. e Sondeos Porzuna, S.L. debían ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na súa citada reunión de data 28/09/2017, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificasen as súas ofertas.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación para xustificar as súas respectivas ofertas económicas as tres empresas requiridas.

Con data 10/10/2017 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra "Pavimentación da rúa Faxinde e camiño en Areeiros (Castiñeiras), no que conclúe que:*

*"Na documentación presentada por Construcciones Ponciano Nieto, S.L. expón os motivos especialmente vantaxosos que lle levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*





*Por outro lado, considerase que as empresas Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L. e Sondeos Porzuna, S.L. non aportan documentación que xustifique a baixa temeraria na que incorreron*

*E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. e excluír ás empresas Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L. e Sondeos Porzuna, S.L. do proceso de licitación”.*

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 11/10/2017 e a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13/10/2017 acordou:


*- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 10/10/2017 así como da documentación presentada polas empresas como xustificación da súas ofertas:*

- a. Considerar xustificada a oferta económica presentada por Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”*
- b. Non considerar xustificada a oferta económica presentada polas empresas Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L. e Sondeos Porzuna, S.L. excluíndoas, polo tanto, da licitación.*

*- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación da “Pavimentación da rúa Faxinde e camiño en Areeiros (Castiñeiras)”, do seguinte xeito:*

| Orde | Licitador                                  | Orzamento base<br>(sen IVE) |
|------|--------------------------------------------|-----------------------------|
| 1    | Construcciones Ponciano Nieto, S.L.        | 46.471,75 €                 |
| 2    | Canarga, S.L.                              | 49.008,26 €                 |
| 3    | F. Gómez y Cía, S.L.                       | 49.994,00 €                 |
| 4    | Nemesio Ordóñez, S.A.                      | 50.678,21 €                 |
| 5    | Obras y Viales de Galicia, S.L.            | 51.338,84 €                 |
| 6    | Movimientos de Áridos y Construcciones de  | 51.511,70 €                 |
| 7    | Arines Obras y Proyectos, S.L.             | 53.155,79 €                 |
| 8    | Excavaciones y Obras Candal, S.L.          | 53.821,73 €                 |
| 9    | Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. | 55.031,32 €                 |
| 10   | Vías y Servicios Generales, S.L.           | 60.588,48 €                 |
| 11   | Tamara Fernández Pérez                     | 61.448,44 €                 |
| 12   | Mantido, S.L.                              | 65.373,81 €                 |

*- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada*





*deste Concello a documentación que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (excepto a xa presentada na documentación simplificada).*

*De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.*

*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.*

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 16/10/2017.

A empresa "Construcciones Ponciano Nieto, S.L." presentou no Rexistro Xeral deste Concello a documentación requirida na data 31/10/2017 (con número de rexistro 17.459), unha vez xa rematado, polo tanto, o prazo de dez días hábiles concedido a tal efecto.

Entre a documentación presentada figura copia de aval de *Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R)*, de data 17/10/2017, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 49.244, depositado como garantía definitiva do contrato por importe de 2.323,59 euros.

Tendo en conta que o artigo 151 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no último parágrafo do apartado 2, establece que *"De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a pedir a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas"*.

Visto o resultado da clasificación das ofertas acordado pola Xunta de Goberno na súa sesión da data 13/10/2017 e de acordo cos antecedentes expostos a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 09/11/2017, adoptou os seguintes acordos:

- *Excluir da licitación á empresa "Construcciones Ponciano Nieto, S.L.", por non ter presentado dentro do prazo concedido de dez días hábiles a documentación requirida que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do Prego de cláusulas administrativas reitor da contratación.*

- *Autorizar a devolución do aval de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R) de data 17/10/2017, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 49.244, presentado pola empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. como garantía definitiva do contrato.*

- *Requirir á empresa "Canarga, S.L.", que é o licitador que resultou clasificado en segundo lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o*





*seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (excepto a xa presentada na documentación simplificada).*

*De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrência dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.*

*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.*

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 10/11/2017.

Dentro do prazo concedido a empresa “Canarga, S.L.” presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/11/2017 co número 18.546. Entre a documentación inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 21/11/2017, polo seguro de caución de Afigal (R.E.A. nº 49343) por importe de 2.450,41 euros, en concepto de garantía definitiva do contrato.

Vista a proposta de contratación formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 24/11/2017.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 24/11/2017.


Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO.**- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

**SEGUNDO.**- Declarar excluídos ós seguintes licitadores polos motivos que en cada caso se indican:

- Ás empresas SYR-AMG, S.L.U., GR Construcciones Obras y Servicios, S.L.U., Excave 2000, S.L., Mecano Obras y Reformas, S.L., Jardincelas, S.L., Martínez Montes e Hijos, S.L., Aquablue Sistemas Constructivos, S.L., Excavaciones y Obras Melchor, S.L. e Construcciones D. Ogando, S.L., por non ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos.







- Ás empresas Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L. e Sondeos Porzuna, S.L., por non considerar xustificadas as súas respectivas ofertas económicas.

- Á empresa "Construcciones Ponciano Nieto, S.L.", por non ter presentado dentro do prazo concedido de dez días hábiles a documentación requirida que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do Prego de cláusulas administrativas reitor da contratación.

**TERCEIRO.-** De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e de acordo coa oferta presentada polo licitador, **adxudicar o contrato para realizar as obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Faxinde e camiño en Areeiros (Castiñeiras)" á empresa "Canarga, S.L." (NIF número B15360902), nas seguintes condicións contractuais:**

a) Prezo total do contrato: 59.299,99 euros (Base: 49.008,26 euros; IVE 21%: 10.291,73 euros).

b) Prazo de execución: 2 meses, segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data outubro/2015.

**CUARTO.-** De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

**QUINTO.-** Designar como Director das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

**SEXTO.-** De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

#### **4.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA PORTO (AGUIÑO).**

No tramo da Rúa Porto no que está previsto realizar a actuación, non existe na actualidade saneamento polo que é preciso facer unha ampliación da rede de saneamento para poder proporcionar este servizo ós veciños da zona.





A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data xullo/2017, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 17.720,22 euros (Base: 14.644,81 euros; IVE 21%: 3.075,41 euros), sendo o prazo de execución de 1 mes.

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 20/10/2017, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 23/10/2017, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención, e que afectan á rede viaria de titularidade municipal, intégranse dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, e que a natureza das obras citadas axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, e que non se precisa autorización sectorial algunha.
- 3) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 20/10/2017, en relación co artigo 125 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 20/10/2017, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 5) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 24/10/2017 (número de operación 2017 22018988), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 160.60910.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

*"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*





*2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.”*

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:

| Licitador                        | NIF          | Registro   |        | Prezo total<br>(incluído IVE 21%) |
|----------------------------------|--------------|------------|--------|-----------------------------------|
|                                  |              | Data       | Número |                                   |
| Vías y Servicios Generales, S.L. | B-15.555.923 | 17/11/2017 | 18287  | 11.517,30 euros                   |
| Excavaciones Nima, S.L           | B-15.405.335 | 20/11/2017 | 18324  | 12.917,57 euros                   |
| Excavaciones Abelleira, S.L      | B-15.841.166 | 20/11/2017 | 18350  | 15.052,40 euros                   |
| Excavaciones Darío, S.L          | B-15.544.232 | 20/11/2017 | 18358  | 14.520,00 euros                   |

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/11/2017, na que propón a adxudicación do contrato para realizar as obras do proxecto **AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA PORTO (AGUIÑO)**, a favor da empresa “VIAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L”, por ser o licitador que presentou a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xullo/2017, para as obras de **Ampliación da rede de saneamento na Rúa Porto (Aguíño)**, cun prezo total de licitación de 17.720,22 euros (Base: 14.644,81 euros; IVE 21%: 3.075,41 euros), sendo o prazo de execución de 1 mes.

**SEGUNDO.-** Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.60910.



**CUARTO.-** Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **Ampliación da rede de saneamento na Rúa Porto (Aguíño)** á empresa “**Vías y Servicios Generales, S.L.**” (NIF B-15.555.923), no prezo total do contrato de 11.517,30 euros (Base: 9.518,43 euros; IVE 21%: 1.998,87 euros), segundo o seu orzamento número 58, da data 16/11/2017.

**QUINTO.-** Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

#### **5.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN DEÁN GRANDE.**

Os cinco camiños nos que se pretende centrar a actuación presentan actualmente un pavimento moi deteriorado, con importantes disgregacións, polo que é preciso repoñer os seus pavimentos para que os veciños poidan utilizalos en condicións adecuadas.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data xullo/2017, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 54.910,85 euros (Base: 45.380,87 euros; IVE 21%: 9.529,98 euros), sendo o prazo de execución de 3 meses.

Consta no expediente:

- 6) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 23/10/2017, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 7) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 23/10/2017, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención, e que afectan á rede viaria de titularidade municipal, intégranse dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, e parcialmente como solo de núcleo rural e rústico de protección ordinaria, e que a natureza das obras citadas axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, e que non se precisa autorización sectorial algunha.
- 8) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 23/10/2017, en relación co artigo 125 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.





9) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 23/10/2017, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.

10) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 25/10/2017 (número de operación 2017 22019020), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.61924.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

*"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*

*2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."*

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:

| Licitador                        | NIF          | Registro   |        | Prezo total<br>(incluído IVE 21%) |
|----------------------------------|--------------|------------|--------|-----------------------------------|
|                                  |              | Data       | Número |                                   |
| Vías y Servicios Generales, S.L. | B-15.555.923 | 17/11/2017 | 18283  | 39.519,91 euros                   |
| Nemesio Ordóñez, S.A             | A-15.146.608 | 20/11/2017 | 18319  | 39.354,61 euros                   |
| Tarrío y Suarez, S.L.            | B-15.090.061 | 20/11/2017 | 18307  | 48.321,64 euros                   |
| Excavaciones Darío, S.L          | B-15.544.232 | 20/11/2017 | 18355  | 50.699,00 euros                   |

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/11/2017, na que propón a adxudicación do contrato





para realizar as obras do proxecto PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN DEÁN GRANDE, a favor da empresa "NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.", por ser o licitador que presentou a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xullo/2017, para as obras de Pavimentación de camiños en Deán Grande, cun prezo total de licitación de 54.910,85 euros (Base: 45.380,87 euros; IVE 21%: 9.529,98 euros), sendo o prazo de execución de 3 meses.

**SEGUNDO.-** Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61924.

**CUARTO.-** Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de Pavimentación de camiños en Deán Grande á empresa "Nemesio Ordóñez, S.A." (NIF A-15.146.608), no prezo total do contrato de 39.354,61 euros (Base: 32.524,47 euros; IVE 21%: 6.830,14 euros), segundo o seu orzamento da data 20/11/2017.

**QUINTO.-** Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

#### **6.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NA RÚA VICENTE RISCO (PALMEIRA)**

A rúa Vicente Risco, na parroquia de Palmeira, non dispón de rede de pluviais e presenta un firme moi deteriorado, polo que é preciso renovar o pavimento e instalar unha liña de pluviais que evite que a auga da chuvia discorra pola superficie da rúa, molestando ós usuarios da mesma.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data xuño/2017, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 23.975,52 euros (Base: 19.814,48 euros; IVE 21%: 4.161,04 euros), sendo o prazo de execución de 2 meses.

Consta no expediente:





- 11) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 23/10/2017, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 12) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 23/10/2017, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención, e que afectan á rede viaria de titularidade municipal, intégranse dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, e que a natureza das obras citadas axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, e que non se precisa autorización sectorial algunha.
- 13) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 23/10/2017, en relación co artigo 125 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 14) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 23/10/2017, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 15) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 02/11/2017 (número de operación 2017 22019630), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.60923.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

*"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*

*2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."*





Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:

| Licitador                              | NIF          | Registro   |        | Prezo total<br>(incluído IVE 21%) |
|----------------------------------------|--------------|------------|--------|-----------------------------------|
|                                        |              | Data       | Número |                                   |
| Construcciones Anspal, S.L.            | B-15.985.187 | 17/11/2017 | 18259  | 22.506,00 euros                   |
| Espacios Arquitectónicos<br>DMLAR, S.L | B-70.141.304 | 20/11/2017 | 18320  | 18.298,44 euros                   |
| Excavaciones Nima, S.L                 | B-15.405.335 | 20/11/2017 | 18323  | 18.815,71 euros                   |
| Alberto Pérez Sampedro                 | 52.934.180-W | 20/11/2017 | 18353  | 23.340,57 euros                   |

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/11/2017, na que propón a adxudicación do contrato para realizar as obras do proxecto PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NA RÚA VICENTE RISCO (PALMEIRA), a favor da empresa "CONSTRUCCIONES DMLAR, S.L.", por ser o licitador que presentou a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.


**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xuño/2017, para as obras de Pavimentación e instalación de rede de pluviais na Rúa Vicente Risco (Palmeira), cun prezo total de licitación de 23.975,52 euros (Base: 19.814,48 euros; IVE 21%: 4.161,04 euros), sendo o prazo de execución de 2 meses.

**SEGUNDO.-** Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.60923.

**CUARTO.-** Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de Pavimentación e instalación de rede de pluviais na Rúa Vicente Risco (Palmeira) á empresa "Espacios Arquitectónicos DMLAR, S.L." (NIF B-70.141.304), no prezo total





do contrato de 18.298,44 euros (Base: 15.122,68 euros; IVE 21%: 3.175,76 euros), segundo o seu orzamento número 170/2017, da data 20/11/2017.

**QUINTO.-** Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.


**7.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN DA RÚA MARTÍN CÓDAX (RIVEIRA)**

Na actualidade a Rúa Martín Códax presenta un pavimento moi deteriorado e non existen servizos municipais, polo que é preciso renovar o pavimento ademais de instalar redes de auga, saneamento e pluviais para dar servizo ós veciños da zona.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data maio/2017, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 40.078,93 euros (Base: 33.123,08 euros; IVE 21%: 6.955,85 euros), sendo o prazo de execución de 2 meses.

Consta no expediente:

- 16) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 23/10/2017, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 17) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 23/10/2017, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención, e que afectan á rede viaria de titularidade municipal, intégranse dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, e que a natureza das obras citadas axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, e que non se precisa autorización sectorial algunha.
A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente constan as solicitudes presentadas polos interesados coa documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.





Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

**CUARTO.-** O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, esixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

**QUINTO.-** O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.


Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

**SEXTO.-** O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito







público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

**SÉTIMO.-** Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.


3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a





construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**OITAVO.-** Real Decreto 199/2010 de 26 de febreiro polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou no sedentaria.

**NOVENO.-** Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia en relación co Decreto 144/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único da regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

**DÉCIMO.-** O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.

**DÉCIMO SEGUNDO.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1de xullo de 2015.

Vistas as solicitudes presentadas polos interesados/as e revisada a documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Concello de Riveira na data 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P. na data 22 de xullo de 2016, para exercer a venda ambulante nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/11/2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- A CORRECCIÓN DE OFICIO DA SEGUINTE RELACIÓN DE LICENZAS POLAS QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE** nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello de Riveira, resultando finalmente:

| NUMERO    | CONTRIBUINTE                | DNI/CIF    | Mts | ACTIVIDADE DE VENDA  |
|-----------|-----------------------------|------------|-----|----------------------|
| Beirarrúa | GARCIA MANEIRO Mª DOLORES   | 76490465D  | 3   | ALIMENTACION         |
| 000A      | CHURRERIA SUSI C.B.         | E94073509  | 2   | ALIMENTACION         |
| 012       | SIEIRA PARADA CARMEN        | 52455389W  | 3   | RESTO ACTIVIDADES    |
| 022       | RIVEIRO VIDAL CARLOS MANUEL | 52939682F  | 6   | ALIMENTACION         |
| 033       | MONTEMUIÑO ABEIJON Mª JOSE  | 33259244 W | 12  | ALIMENTACION         |
| 052       | SANMARCO BLANCO CANDIDO     | 33245312 P | 14  | ALIMENTACION         |
| 058       | ROCHA PADIN Mª LUISA        | 35473880Z  | 4   | ALIMENTACION         |
| 117       | WADUUD GUEYE ABDOU          | Y3283820D  | 3   | CALZADO – CONFECCION |
| 121       | REY BAAMONDE LORENA         | 35485508G  | 5   | CALZADO – CONFECCION |




CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

|       |                              |           |   |                      |
|-------|------------------------------|-----------|---|----------------------|
| 126   | TOVAILAB SAID                | X8044500C | 5 | RESTO ACTIVIDADES    |
| 140   | FERNANDEZ LOZANO JOSE CARLOS | 44809174E | 6 | CALZADO – CONFECCION |
| 191   | FERNANDEZ LOZANO ENRIQUE     | 44841999A | 8 | CALZADO – CONFECCION |
| 210   | LAMHADOUAL YASSINE           | X3782529H | 5 | RESTO ACTIVIDADES    |
| 211   | AMINA ERRIFALBIAD            | 49674878F | 6 | RESTO ACTIVIDADES    |
| 215   | CABREIRA.CAMACHO DOMINGOS    | X0555577N | 5 | CALZADO – CONFECCION |
| 242   | ROSILLO FERRERUELA JOSE LUIS | 33291381P | 5 | CALZADO – CONFECCION |
| 249 A | QUINTEIRO & QUINTEIRO LDA    | 508850991 | 6 | MOBLES               |
| 279 A | THIERNO GUEYE MAME           | Y1065890S | 3 | CALZADO – CONFECCION |
| 300   | MOTOS FERNANDEZ VICTORIA     | 11703933S | 6 | CALZADO – CONFECCION |

- Posto Beirarrúa, García Maneiro Mª Dolores con DNI 76490465D, ocupación 3 metros
- Posto 000A, Churrería Susi, C.B. con CIF E94073509, ocupación 2 metros
- Posto 012, Sieira Parada Carmen con D.N.I. 52.455.389 W, ten 3 metros de ocupación e non 6
- Posto 022, Riveiro Vidal Carlos M. con D.N.I. 52.939.682 F, tiña D.N.I. incorrecto
- Posto 33, Montemuiño Abeijón Mª José CON D.N.I. 33.259.244 W, se lle autoriza unir o posto 32, ao seu actual: O 33. Pasando a ter unha ocupación total de 12 Mts.
- Posto 52, Sanmarco Blanco Cándido con D.N.I. 33.245.312 P, EL 30/11/17 se lle autoriza unir o posto 53 ao seu actual: O 52. Pasando a ter una ocupación total de 14 Mts.
- Posto 058, Rocha Padin Mª Luisa con D.N.I. 35.473.880Z ten 4 metros de ocupación e non 3
- Posto 117, Waduud Gueye Abdou, con D.N.I. Y 3.283.820 D cambia de actividade de resto de actividades a **Calzado-Confección**
- Posto 121, Rey Baamonde Lorena con D.N.I. 35.485.508 G pasa a ter 5 mts. de ocupación xa que absorbe o posto 122
- Posto 126, Tovailab Said, con D.N.I. X 8.044.500 C tiña D.N.I. incorrecto
- Posto 140, Fernandez Lozano José Carlos con D.N.I. 44.809.174E ten 6 metros de ocupación e non 4
- Posto 210, Lamhadoual Yassine con D.N.I. X-3.782.529 H cambia de actividade de Calzado- Confección pasa a **Resto de Actividades**
- Posto 211, Amina Errifalbiad con D.N.I. 49.674.878 F cambia de actividade de Calzado- Confección pasa a **Resto de Actividades**
- Posto 215, Cabreira Camacho Domingos con D.N.I. X0.555.577N ten 5 metros de ocupación e non 6
- Posto 242, Rosillo Ferreruela José Luis con D.N.I. 33.291.381P ten 5 metros de ocupación e non 6
- Posto 249 A, Quinteiro & Quinteiro actividade correcta é **Mobles** e non calzado-confección
- Posto 279 A,Thierno Gueyemame con D.N.I. Y1065890S ten 3 metros de ocupación e non 5
- Posto 300, Motos Fernandez Victoria con D.N.I. 11703933S se lle conceden 2 Mts máis e pasa a ocupar 6 Mts.
- Fernández Lozano Enrique CON D.N.I. 44.841.999 A, o 30/11/17, se lle conceden os postos 191 Y 192, para a unión dun so cunha ocupación de 8 Mts. Abandonando o seu posto anterior, o 284, cunha ocupación de 3 Mts.

**SEGUNDO.- A autorización municipal constitúe o título habilitante para o exercicio 2017, e ampara así a venda ambulante que se ven realizando dende o 1 de xaneiro do exercicio 2017 no mercado periódico que se ven celebrando os sábados na zona Portuaria do Concello ata o 31 de decembro de 2017.**





A renovación da autorización realizarase no 1º trimestre natural cada ano. O concello de Riveira poderá comprobar o estado das condicións que motivaron a adxudicación en calquera momento da vixencia da mesma. Cada ano renovarase o carné de vendedor ambulante, entre o 20 de xaneiro e o 20 de febreiro, esixindo en cada caso a documentación oportuna. **Anualmente terán que acreditar estar de alta na seguridade social, ter subscrito o seguro de responsabilidade civil, non ter débedas pendentes e aboar as taxas municipais correspondentes.**

**TERCEIRO.-** Durante a execución da venda ambulante non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**CUARTO.-** Durante a execución da venda ambulante adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe na actividade o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da actividade autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**QUINTO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da actividade aprecianse desviacións na execución da actividade respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da actividade, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**SÉTIMO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*

*Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*





- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

#### VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


#### VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por M<sup>a</sup> Dolores Setién Gómez e Francisco Javier Antas Pérez, de datas 15/09/2017, 02/10/2017, 23/10/2017 e 16/11/2017 (Rexistros de entrada nº 14.839, 15.799, 16.872 e 18.184), nos que solicita licenza de obras para demolición de vivenda unifamiliar existente e construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira en parcela en parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 9285307MH9098N0001XY sita na Rúa da Praia nº 16, Aguiño, Riveira.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 20/11/2017, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/11/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** Sra. M<sup>a</sup> Dolores Setién Gómez e Sr. Francisco Javier Antas Pérez, **LICENZA DE OBRAS (Nº 64/17)** para **DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** e posterior **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, en parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 9285307MH9098N0001XY sita na Rúa da Praia nº 16, Aguiño, Riveira, nos termos do Proxecto Básico de demolición e construción de vivenda unifamiliar de outubro de 2017 así como da Memoria descriptiva modificada de novembro de 2017 redactados polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*







**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*





- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuita de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**CUARTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


**QUINTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**OITAVO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da*





*propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**2.-** Visto o escrito presentado por **M<sup>a</sup> Ángeles Martínez Cadabal e José A. Hermo Torrado**, de data 16/10/2017 (Rexistro de entrada nº 16.580), no que solicita licenza de obras para demolición de vivenda unifamiliar e posterior construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira, en parcela con refª catastral nº 15074A019008610000KG, sita na Estrada Xeral nº 48, Pedra da Raxa, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 18/10/2017, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/10/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á Sra. M<sup>a</sup> Ángeles Martínez Cadabal e ao Sr. José A. Hermo Torrado, **LICENZA DE OBRAS (Nº 65/17)** para **DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** e posterior **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, en parcela con refª catastral nº 15074A019008610000KG, sita na Estrada Xeral nº 48, Pedra da Raxa, Riveira, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 3 de outubro de 2017 redactado polo Sr. Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (Col. nº 1.875), Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 3 de outubro de 2017 así como:

- *En relación a aliñación deberase respetar a sinalada no contrato de cesión de parcela cunha superficie de 3,92 m<sup>2</sup> asinado na data 15 de marzo de 2005 pola Sra.M<sup>a</sup> de los Ángeles Cadabal Regueira (DNI 76.504.453-J) e pola Sra. M<sup>a</sup> Regueira Vidal (DNI 33.079.858).*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*





**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*





- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**CUARTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**QUINTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**OITAVO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*  
*Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da*







*propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

3.- Vistos os escritos presentados por **Antonio Millán Laranga**, de data 26/10/2017 (Rexistro de entrada nº 17.208 e 17.209), nos que solicita licenza de obras para construción de garaxe en parcela con refª catastral nº 3849101NH0134N0001DI sita na Rúa do Norte nº 90, Palmeira, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, vista a Orde Ministerial de data 19 de outubro de 2016 que resolveu a aprobación da modificación da servidume de protección no tramo que afecta ao denominado núcleo de Palmeira comprendido aproximadamente entre os vértices 45 a 62 do deslinde no termo municipal de Riveira aprobado por orden Ministerial de 26 de setembro de 2016, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, **Jesús García Ramos**, de data 08/10/2017, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, **José Martínez de Llano Orosa**, de data 24/11/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** ao Sr. Antonio Millán Laranga **LICENZA DE OBRAS (Nº 66/17)** para **CONSTRUCCIÓN DE GARAXE EN VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** sita na Rúa do Norte nº 90, Palmeira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 3849101NH0134N0001DI, nos termos do Proxecto Técnico con firma dixital de data 26 de outubro de 2017 redactado polo Sr. Emilio José Domínguez Rodríguez, arquitecto técnico (Col. 2.633):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto Técnico** visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*





**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*





- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos os ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.





**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**4.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRA - SARA PÉREZ BRETAL**

*FINALIDADE DA LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRA: Legalización de vivenda unifamiliar de planta baixa cunha superficie construída de 44,80 m<sup>2</sup>. CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural B.*

*REF<sup>a</sup> CATASTRAL: 15074A0050003170000KL.*

*SITUACIÓN: Lugar de Teira, Corrubedo, Riveira.*

*PROMOTOR/A: Sra. Sara Pérez Bretal, (D.N.I. 53.480.126-C).*

*AUTOR/A PROXECTO: Sr. Juan A. Millán Figueirido, (arquitecto Col. nº 3.183).*

*PROXECTO: Proxecto de legalización visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia 28 de xullo de 2017 / Documentación técnica complementaria visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia 2 de agosto de 2017.*

*ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 22.000,00 €.*

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** Pola entidade COTA CUATRO ARQUITECTURA E XESTIÓN S.L. (CIF B.15812514) actuando en nome e representación da Sra. Sara Pérez Bretal, (D.N.I. 53.480.126-C), solicitábase en escrito rexistrado de entrada na data 5 de setembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 14.257), licenza de obra de legalización de vivenda unifamiliar de planta baixa cunha superficie construída de 44,80 m<sup>2</sup> sita no lugar de Teira, Corrubedo, Riveira, en parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 15074A0050003170000KL, achegándose Proxecto de legalización visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia 28 de xullo de 2017, redactado polo Sr. Juan A. Millán Figueirido, (arquitecto Col. nº 3.183).





**SEGUNDO.-** O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe na data 18 de setembro de 2017 no que analiza en **sentido desfavorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal solicitando documentación adicional para constinuar o expediente.

**TERCEIRO.-** Pola entidade COTA CUATRO ARQUITECTURA E XESTIÓN S.L. (CIF B.15812514) actuando en nome e representación da Sra. Sara Pérez Bretal, (D.N.I. 53.480.126-C), achegábase en escrito rexistrado de entrada na data 6 de outubro de 2017, (Rexistro de entrada nº 16.178), Documentación técnica complementaria visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia 2 de agosto de 2017 redactado polo Sr. Juan A. Millán Figueirido, (arquitecto Col. nº 3.183).

**CUARTO.-** Por último o Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe na data 18 de setembro de 2017 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal concluíndo que:

“

(...)

*Se informa favorablemente.*

(...)


”

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** A parcela na que se sitúa a edificación obxecto da licenza legalización de obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B**.

**SEGUNDO.-** Os artigos 23 a 26 Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia definen e regulan o Solo de Núcleo Rural, establencendo o artigo 23 o seguinte:

1. Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais que o planeamento defina e delimite tendo en conta o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.







2. O planeamento, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorpore no estudo do medio rural, delimitará os núcleos rurais do seu ámbito de aplicación atendendo os parámetros anteriores, significadamente os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nesta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos.

3. A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.


A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).

b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se preveña no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

**TERCEIRO.-** Establece o artigo 24 da LSG o réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural.

1. Os terreos que os plans xerais inclúan nas áreas delimitadas como núcleos rurais de poboación serán destinados aos usos característicos, complementarios ou compatibles coa edificación residencial no medio rural e coas necesidades da poboación residente neles.

2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso.





3. No caso da construción de novas edificacións ou cambio de uso das existentes ou de rehabilitacións integrais, deberán ademais executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo.

4. Poderá autorizarse a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación. O municipio deberá exixir garantías suficientes do cumprimento desta obriga.

5. Para edificar no ámbito dos núcleos rurais deberá dispoñerse de acceso rodado de uso público e executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existiren, deberán resolverse por medios individuais con cargo ao promotor ou á promotora da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos.

6. Nas áreas nas que por planeamento xeral ou especial se prevexan actuacións de carácter integral nos núcleos rurais, os propietarios ou propietarias de solo están obrigados a:

a) Ceder obrigatoria e gratuitamente ao concello o solo destinado a espazos libres, zonas verdes e equipamentos, e á administración titular correspondente, o destinado a viais.

b) Custear e, de ser o caso, executar as obras de urbanización previstas no ámbito da actuación integral.

c) Ceder obrigatoria, gratuitamente e libre de cargas ao concello o solo correspondente ao 10 % do aproveitamento urbanístico da devandita área, agás nas actuacións integrais para as que o novo plan non prevexa un incremento da superficie edificable respecto das ordenanzas tipo do núcleo. A Administración non terá que contribuír ás cargas de urbanización correspondentes aos terreos nos que se localice este aproveitamento.

7. As novas edificacións que se pretendan situar nos núcleos rurais tradicionais identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente. Todas elas cumprirán as seguintes condicións:

a) As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

b) O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

**CUARTO.-** O artigo 25 da LSG contempla os usos do solo de núcleo rural.

1. O planeamento urbanístico definirá os usos e as condicións de edificación admisibles nos ámbitos delimitados como núcleos rurais de poboación, con supeditación ás determinacións contidas nesta lei.

2. O uso característico das edificacións nos núcleos rurais será o residencial. Consideraranse como complementarios os usos terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, así como



aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que dean resposta ás necesidades da poboación residente neles.

**QUINTO.-** O artigo 26 da LSG enumera as actuacións incompatibles.

1. Nos núcleos rurais están prohibidas as seguintes actuacións:

a) As edificacións e usos característicos das zonas urbanas e aquelas cuxa tipoloxía resulte impropia en relación coas determinacións do planeamento.

b) Os parcelamentos que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo.

c) As naves industriais.

d) Aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.

e) A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes e o derrubamento de muros tradicionais dos rueiros ou corredoiras, agás disposición do planeamento que o autorice.

f) As novas instalacións destinadas á produción gandeira, agás as pequenas construcións artesanais ou para o autoconsumo.

g) A demolición das construcións existentes, agás nos seguintes supostos:

– Construcións que non presenten un especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico.

– Todos os engadidos e edificacións auxiliares que desvirtúen a tipoloxía, a forma e o volume de calquera edificación primitiva ou que polos seus materiais supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio ou non sexan propios do asentamento rural tradicional.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, nos núcleos tradicionais estarán prohibidos:

a) As vivendas acaroadas, proxectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidade en máis de tres unidades.


b) Os novos tendidos aéreos.

c) A execución de actuacións integrais que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo e a destrución dos valores que xustificaron a súa clasificación como tal.

**SEXTO.-** O artigo 142 da LSG, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

**SÉTIMO.-** O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LSG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.





Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto de legalización visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia 28 de xullo de 2017, Documentación complementaria visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia 2 de agosto de 2017 redactado polo Sr. Juan A. Millán Figueirido, (arquitecto Col. nº 3.183).

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

**OITAVO.-** O artigo 144 da LSG regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixíranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirlle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

**NOVENO.-** O artigo 145 da LSG establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

**DÉCIMO.-** O artigo 147 da LSG establece en relación aos actos promovidos polas administracións públicas que

Os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.







g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.


**DÉCIMO SEGUNDO.-** O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

**DÉCIMO TERCEIRO.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 17 de outubro de 2017, visto o informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira na data 4 de abril de 2017, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 23/11/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á Sra. Sara Pérez Bretal **LICENZA DE OBRA (Nº67/17) DE LEGALIZACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** cunha superficie construída de 44,80 m<sup>2</sup> sita no lugar de Teira, Corrubedo, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A0050003170000KL, nos termos do Proxecto de legalización visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia 28 de xullo de 2017, Documentación técnica complementaria visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia 2 de agosto de 2017 redactado polo Sr. Juan A. Millán Figueirido, (arquitecto Col. nº 3.183).

**SEGUNDO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrais a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).





**TERCEIRO.-** Asimesmo a licenza de legalización de obra concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XII.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





### XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do oficio remitido polo **Xulgado Contencioso Administrativo Nº 2 de Santiago de Compostela**, de data 23/11/2017 (Rexistro de entrada nº 18.905), no que remite expediente con sentenza nº 307/2017, de data 20/11/2017, polo que se desestima o recurso contencioso-administrativo (Procedemento Abreviado nº 271/2017), interposto por D<sup>a</sup> María Rosa Barros Morán, contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Riveira, de 20 de abril de 2017, polo que se desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada pola recurrente.

2.- Visto o escrito presentado por **Juan Manuel Pérez Rodríguez**, de data 13/11/2017 (Rexistro de entrada nº 17.990), no que solicita a instalación dun espello vial para mellorar a visibilidade a saída do garaxe situado na Rúa Deán Pequeno, nº 66 (Riveira), así como a instalación dunhas bandas redutoras de velocidade.

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local en data 25/11/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

a.- Autorizar a instalación dun espello para mellorar a visibilidade a saída do garaxe situado na Rúa Deán Pequeno, nº 66 (Riveira), debendo ser instalado nun poste de formigón situado fronte ao portal de acceso do solicitante, según o sinalado no citado informe policial.

b.- Deberá ser o solicitante o que deberá asumir o custo da súa adquisición e mantemento, sendo o concello o encargado da súa instalación.

c.- En canto á instalación de bandas redutoras de velocidade, non se considera necesaria a súa instalación porque a propia configuración da calzada obriga a circular despacio, xa que é estreita e sinuosa, entre muros e carente de arcéns e beirarrúas, según consta no citado informe policial.

3.- Visto o escrito presentado por Francisco Rodríguez Rodríguez en representación da **Comunidade de Propietarios Edificio Estatuto, 1**, de data 13/11/2017 (Rexistro de entrada nº 18.054), no que solicita a o cambio de ubicación do paso de peóns para facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe, sito na Rúa Estatuto (Riveira).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local en data 24/11/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda**:





Desestimar o cambio de ubicación do citado paso de peóns en base ao citado no mencionado informe policial, no que sinala:

*“Conforme a lo establecido en el artículo 65.2 del Reglamento General de Circulación (concordante con el artículo 23.2 del texto articulado de la Ley sobre Tráfico), los peatones tienen prioridad de paso sobre los vehículos en los pasos habilitados al efecto. Ello implica, por tanto, la obligación para los conductores de vehículos de dejar pasar a los peatones que circulen por dichas zonas peatonales (por la acera o por el paso de peatones). En consecuencia, el sugerido cambio de ubicación del paso de peatones no invertiría la prioridad de paso que tienen sobre los vehículos los peatones que circulen por la acera cuando tales vehículos acceden o salen del garaje.*

*Por otro lado, que el vado permanente esté ubicado a la altura del citado paso de peatones tiene la ventaja de que se refuerza la prohibición, ya no solo de estacionamiento, sino también de la parada de vehículos.”*

**4.- A Xunta de Goberno Local** queda enteirada do escrito remitido pola **Secretaría Xeral da Federación Galega de Municipios e Provincias**, de data 23/11/2017 (Rexistro de saída nº 956), e rexistrado de entrada en data 27/11/2017 co nº 18.761, no que comunica que a Xunta de Galicia asinou o convenio polo que se outorgan axudas aos concellos para os gastos derivados do desenvolvemento de programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos. Asímesmo sinala que a este concello lle corresponde unha axuda de 363.735,26 € que subvencionará os gastos do período comprendido entre o 01/01/2017 e o 31/12/2017.

**5.- A Xunta de Goberno Local** queda enteirada do escrito remitido pola **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)**, de data 21/11/2017 (Rexistrado de entrada en data 24/11/2017 co nº 18.638), no que insta ao Concello de Riveira a que, con ocasión dos vindeiros orzamentos, fixe a porcentaxe de reserva prevista na Lei de Contratos para facilitar a integración laboral daquelas persoas que teñen máis dificultade de acceder ao mercado laboral.

**6.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SENTENZA DE DATA 20/11/2017 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 286/2017.**

Visto o asunto de referencia e tendo en conta os seguintes:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** Na data 20/11/2017, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, dita sentenza no procedemento abreviado 286/2017 interposto por Dona Ventura Millet Ayaso, contra a desestimación presunta da





reclamación de responsabilidade patrimonial interposta polos danos ocasionados o día 11/11/2015 no portal de acceso á vivenda sita no nº 71 da rúa Salvora, parroquia de Aguiño, como consecuencia dos traballos realizados polo Concello consistentes na reparación do pavimento da beirarrúa (Expte RP/20/2015).

A referida sentenza estima o recurso presentado por dona Ventura Millet Ayaso e anula a referida desestimación por silencio, declarando a responsabilidade patrimonial do Concello de Riveira, e polo tanto o dereito da recorrente a ser indemnizada na cantidade total de 1.996,50 euros, xunto cos xuros dende a data da presentación da reclamación en vía administrativa, impondo, así mesmo, á administración demandada as costas procesuais cunha limitación de 400 euros.

**Segundo.-** Mediante oficio rexistrado de entrada na data 29/11/2017, co número 18.901, o Xulgado remite a sentenza mencionada que ten carácter de firme para que no prazo de 10 días se leve a efecto o nela acordado, adoptándose as resolucións procedentes para o cumprimento das declaracións contidas no fallo.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 103 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, nos seus apartados 1º e 2º, dispón o seguinte: *"1. A potestade de facer executar as sentenzas e demais resolucións xudiciais corresponde exclusivamente aos Xulgados e Tribunais deste orde xurisdicional, e o seu exercicio compete ao que coñecera do asunto en primeira ou única instancia. 2. As partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignen."*

Polo exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 29/11/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Que se proceda ao cumprimento da citada sentenza co abono das cantidades referidas. Neste sentido, e de conformidade co contrato de seguro subscrito entre o Concello e a entidade aseguradora Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros na data de produción dos danos (11/11/2015), corresponde ao Concello o abono da cantidade de 150 €, que é a franquicia derivada do contrato de seguro antes referido.

**7.- RESOLUCIÓN DE MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 29/12/2016 POLO QUE SE ACORDA A COMPRA DE DÚAS PARCELAS CONTIGUAS SITAS NO LUGAR DE GÁNDARA, PARROQUIA DE ARTES, PARA APARCADOIRO MUNICIPAL.**

En relación ao asunto de referencia, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de







Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con base aos seguintes,

### ANTECEDENTES DE FEITO

**1º** Na data 16 de decembro de 2016, o Alcalde dita Providencia na que pon de manifesto a pretensión do Concello de paliar a falta de espazo para aparcadoiro no lugar de Gándara, parroquia de Artes, coa adquisición de dúas parcelas contiguas propiedade de Manuel Dios Santamaría e Carmen Casais Gude, coas seguintes referencias catastrais 15074A039003530000KX e 15074A039011830000KQ, e cunha superficie de 374 m<sup>2</sup> e 397 m<sup>2</sup>, respectivamente.

A este respecto, ordenase o traslado da citada Providencia á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente de compravenda das fincas antes referidas, uníndose ao expediente o informe de taxación emitido polo arquitecto municipal na data 30/06/2016.

**2º** Desde o departamento de secretaría e servizos xerais, procedeuse a impulsar de oficio o procedemento, recadando a seguinte documentación:

- Datos catastrais dos inmobles referidos á data do 16/12/2016.
- DNI de Manuel Dios Santamaría.
- DNI de Carmen Casais Gude.
- Copia da escritura de "*Partición de Herdanzas*", autorizada polo Notario que foi de Riveira, don Óscar Manuel López Doval, na data 30 de outubro de 2.003, co número 1.295 de protocolo.
- Copia do testamento outorgado por dona Ramona Casais Sampedro, ante o Notario que foi de Riveira, don Mariano Sánchez-Brunete Casado, o 08 de xaneiro de 1974, co número 23 de protocolo.


**3º** Consta no expediente informe emitido na data 30 de xuño de 2016 polo arquitecto municipal, don Alberto Iglesias Fungueiriño, no que valora os inmobles que se pretenden adquirir do xeito que se recolle a continuación:

En consecuencia o valor por m<sup>2</sup> de cada unha das parcelas é o seguinte: **21,17 euros**. Deste xeito a valoración do total das dúas parcelas queda así: **21,17 euros/m<sup>2</sup> x 771 m<sup>2</sup> = 16.322,07 euros**.

**Ascendendo a presente valoración á cantidade de dezaseis mil trescentos vinte e dous euros e sete céntimos.**

**4º** Mediante informe emitido na data 19 de decembro de 2016, a enxeñeira municipal xustifica o interese público da súa compra.

**5º** Na data 28 de decembro de 2016, o interventor municipal accidental emite informe no que fai constar a existencia de crédito adecuado e suficiente no vixente orzamento municipal para a realización da compra pretendida, e que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente para o ano 2016 é 1.898.838,56 €.





6º Na data 28/12/2016, emítese informe-proposta de resolución por esta técnico, no que se propón ao órgano competente a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Adquirir a parcela denominada “MONTE DA GÁNDARA”, sita no lugar de Gándara, parroquia de Artes, do municipio de Riveira, da superficie de 374 metros cadrados, descrita no punto anterior, coa referencia catastral 15074A039003530000KX, propiedade de don Manuel Dios Santamaría (DNI número 76449466L), polo prezo de 7.917,58 euros; e a parcela sita no lugar da anterior, da superficie de 397 metros cadrados, descrita no punto anterior, coa referencia catastral 15074A039011830000KQ, propiedade de dona Carmen Casais Gude (DNI número 33080509T), polo prezo de 8.404,49 euros, o que fai un total polas dúas fincas de 16.322,07 euros, que se fará efectivo mediante cheque nominativo coa sinatura da escritura pública de compravenda.

**Segundo.-** A parte vendedora queda obrigada á evicción e saneamento nos termos previstos no Código Civil para o contrato de compravenda.

**Terceiro.-** Incluír os inmobles adquiridos no Inventario de Bens do Concello e proceder á súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Noia.

**Cuarto.-** Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura dos documentos pertinentes.

**Quinto.-** Serán por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta compravenda.

**Sexto.-** Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

7º A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 29/12/2016, acordou adquirir as parcelas antes referidas, segundo a proposta emitida por esta técnico.

8º Adoptado o acordo referido e remitido o expediente á Notaría para a súa elevación a escritura pública, xorde un problema á hora de elaborar o referido documento público, xa que as fincas que se pretenden adquirir son as parcelas 353 e 354 do polígono 39 de Riveira, que son colindantes entre si, sen embargo tras unha modificación no catastro realizada na data 18/05/2016, aparece unha parcela entrambas, parcela 1183 do polígono 39, que xorde tras o expediente 644136.15/14 de subsanación de discrepancias, desprazando no plano á parcela 354 e ás seguintes, e creando unha confusión na identificación das mesmas, xa que, no expediente administrativo da compravenda de referencia, identificouse a parcela 1183 do polígono 39 como a de Carmen Casais Gude (15074A039011830000KQ), cando na realidade a parcela é a 354 do polígono 39 de Riveira, dunha superficie de 264 metros cadrados, e que, na realidade física, linda coa parcela de referencia catastral 15074A039003530000KX, tal e como se pode apreciar no plano de medición e situación realizado en xuño do presente ano polo arquitecto municipal.





## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O artigo 9.1º do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (no sucesivo RB), recoñece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 RB, atopamos a adquisición a título oneroso que pode ter lugar por medio de contrato (compravenda, permuta...) ou a través de expropiación forzosa.

A adquisición por medio de contrato ven regulada no artigo 11 RB, que se remite á normativa de contratación das Corporación Locais, e esixe de xeito específico, cando se trate da adquisición a título oneroso de bens inmobles, as seguintes actuacións formais:

a) Informe pericial previo, en todo caso de adquisición de inmovible, no que non só debe valorarse o ben, senón tamén xustificar a razón da conveniencia da súa adquisición.

b) Informe do órgano autonómico competente, en caso de inmobles de valor histórico ou artístico, cuxo valor de adquisición exceda do 1 por cen dos recursos ordinarios do Orzamento da Corporación ou do límite xeral establecido para a contratación directa en materia de suministros.

É necesario tramitar o correspondente expediente de adquisición.

A competencia para a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial corresponde ao Alcalde, cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros. Así mesmo corresponde ao Pleno a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando non estea atribuída ao Alcalde, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor (Disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), co quórum da maioría simple (artigo 47.1 LRBRL); sendo delegable o exercicio da competencia por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

**Segundo.-** No caso que nos ocupa, trátase da adquisición a título oneroso por medio dun contrato de compravenda, dos inmobles que se describen a continuación:

*1.- Descrición: Parcela denominada "MONTE DA GÁNDARA", sita no lugar de Gándara, parroquia de Artes, do municipio de Riveira, da superficie de 374 metros cadrados, que linda: Norte, Ramona Casais; Sur, herdeiros de Domingo Martínez; Este, camiño e Campo do Grupo Escolar de Artes; e Oeste, camiño.*





*Propietario: Manuel Dios Santamaría, con DNI número 76449466L, e domicilio no lugar de Muiños, nº 3, parroquia de Artes, Riveira.*

*Título: Perténcelle por herdanza dos seus pais, don José Dios Casais e dona Dolores Santamaría Crujeiras, segundo consta en escritura de "Partición de Herdanzas", autorizada polo Notario que foi desta Cidade de Riveira, don Óscar Manuel López Doval, na data 30 de outubro de 2.003, co número 1.295 de protocolo.*

*Inscrición: Non constan datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.*

*Referencia catastral: 15074A039003530000KX.*

*Clasificación do solo: Solo de núcleo rural.*

*Cargas: Non consta información sobre a existencia ou inexistencia de cargas.*

*2.- Descrición: Parcela sita no lugar de Gándara, parroquia de Artes, do municipio de Riveira, da superficie de 264 metros cadrados, que linda: Norte, parcela 354 do polígono 39; Sur, parcela propiedade de Manuel Dios Santamaría de referencia catastral 15074A039003530000KX; Este, camiño e Campo do Grupo Escolar de Artes; e Oeste, camiño.*

*Propietario: Carmen Casais Gude, con DNI número 33080509T, e domicilio no lugar de Gándara, nº 19, parroquia de Artes, Riveira.*

*Título: Perténcelle por herdanza da súa tía, dona Ramona Casais Sampedro, segundo consta en testamento outorgado ante o Notario que foi da cidade de Riveira, don Mariano Sánchez-Brunete Casado, o 08 de xaneiro de 1.974, co número 23 de protocolo.*

*Inscrición: Non constan datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.*

*Referencia Catastral: Está englobada na referencia da finca 1183 do polígono 39 (15074A039011830000KQ).*


*Clasificación do solo: Solo de núcleo rural.*

*Cargas: Non consta información sobre a existencia ou inexistencia de cargas.*

Polo tanto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas.

En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición por medio de contrato, consta no expediente informe pericial emitido na data 30 de xuño de 2016 polo arquitecto municipal, no que se valoran os inmobles dos que se pretende a súa adquisición nun total de 16.322,07 €, a razón de 21,17 euros por metro cadrado.

Neste sentido, aclarada a identificación das parcelas obxecto da compravenda, cómpre precisar que a parcela propiedade de dona Carmen Casais





Gude ten unha superficie de 264 metros cadrados e non 397 metros cadrados como se reflicte no acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na data 29/12/2016, polo que o prezo total da compravenda das dúas parcelas ascendería a 13.506,46 euros, resultado da suma de 7.917,58 euros que correspondería abonar pola finca propiedade de don Manuel Dios Santamaría (374 m<sup>2</sup> x 21,17 euros = 7.917,58 euros) e 5.588,88 euros que correspondería abonar pola finca propiedade de dona Carmen Casais Gude (264 m<sup>2</sup> x 21,17 euros = 5.588,88 euros).

En informe emitido na data 28 de decembro de 2016, resulta acreditado polo Sr. Interventor de Fondos a existencia de crédito suficiente e adecuado para a adquisición que se pretende.

Non se trata dun ben de valor histórico ou artístico, polo que non se precisa o informe do órgano estatal ou autonómico competente.

En canto ao procedemento a seguir para a súa adquisición, o artigo 11 RB, ademais de esixir informe pericial previo cando se trata da adquisición de inmobles, esixe o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais. A estes efectos, o Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, posibilita a adxudicación dos contratos mediante procedemento negociado (adxudicación directa) cando por razóns técnicas o contrato solo poida encomendarse a un empresario determinado (artigo 170 d). Por outra banda, o artigo 116.4 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, dispón que: *"A adquisición terá lugar mediante concurso público, salvo que acorde a adquisición directa polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles, ou a especial idoneidade do ben."*

No presente caso, no informe emitido na data 19 de decembro de 2016 pola enxeñeira municipal se xustifica a conveniencia da súa adquisición: *"O polideportivo e o colexio de educación primaria da parroquia de Artes, están ubicados no lugar de Gándara da referida parroquia, un ao carón do outro. Así mesmo, e a uns metros das citadas instalacións municipais, atópase o Centro Cultural de Artes, o que fai que o citado lugar sexa un espazo moi concorrido, tanto de vehículos como de persoas. O Concello xa fai tempo que se ten decatado do problema da falta de espazo para aparcadoiro que existe na zona, debido á cantidade de vehículos que acoden a diario, ben para acudir ao colexio ou as instalacións deportivas, ou ben para achegarse ao centro cultural. Co obxecto de paliar este problema de falta de espazo para aparcadoiro, sería necesario a adquisición de terreos, en concreto de dúas parcelas contiguas propiedade de Manuel Dios Santamaría e Carmen Casais Gude, coas seguintes referencias catastrais 15074A039003530000KX e 15074A039011830000KQ, e cunha superficie de 374 m<sup>2</sup> e 397 m<sup>2</sup>, respectivamente. Así se indica na Providencia da Alcaldía de data 16/12/2016, pola que se inicia expediente administrativo para a adquisición por compravenda das parcelas referidas co fin de destinalas a aparcadoiro. Estudadas e examinadas as características das parcelas, resulta que están situadas a moi curta distancia tanto*





*do polideportivo como do colexio de educación primaria; teñen unha forma bastante regular, formando entre as dúas un rectángulo dunha superficie de 771 metros cadrados, o que facilita o seu acondicionamento para o fin que pretende o Concello; e dan fronte á vía pública, á que tamén dan fronte as instalacións municipais referidas e o Centro Cultural de Artes. Por outra banda, as fincas que están contiguas a estas, ou ben teñen unha menor superficie, ou a súa forma é mais irregular, ou ben sobre as mesmas existe algunha edificación, como a que linda polo lindeiro Sur coa finca de referencia catastral 15074A039003530000KX. Todas estas características: superficie, forma, situación e acceso propio, fan que estas parcelas sexan especialmente idóneas ao obxecto da súa adquisición polo Concello, o que imposibilita a adquisición doutras fincas e xustifica plenamente a imposibilidade de promover a concorrência de ofertas.”; o que xustifica plenamente o emprego da adquisición directa.*

O valor do ben que se pretende adquirir non supera o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento da Corporación nin o importe de tres millóns, segundo resulta do informe emitido polo Interventor, polo que o órgano competente para acorda-la adquisición é a Xunta de Goberno Local, ao ter delegada esta competencia, en virtude do Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, a Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 28/11/2017, por unanimidade dos presentes, acorda:

**Primeiro.-** Modificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 29/12/2016, no expediente de compravenda de dúas parcelas contiguas sitas no lugar de Gándara, parroquia de Artes, para aparcadoiro municipal, quedando como segue a continuación:

Adquirir a parcela denominada “MONTE DA GÁNDARA”, sita no lugar de Gándara, parroquia de Artes, do municipio de Riveira, da superficie de 374 metros cadrados, descrita no punto anterior, coa referencia catastral 15074A039003530000KX, propiedade de don Manuel Dios Santamaría (DNI número 76449466L), polo prezo de 7.917,58 euros; e a parcela sita no lugar da anterior, da superficie de 264 metros cadrados, descrita no punto anterior, englobada na referencia catastral da 1183 do polígono 39 (15074A039011830000KQ), propiedade de dona Carmen Casais Gude (DNI número 33080509T), polo prezo de 5.588,88 euros, o que fai un total polas dúas fincas de 13.506,46 euros, que se fará efectivo mediante cheque nominativo coa sinatura da escritura pública de compravenda.

**Segundo.-** A parte vendedora queda obrigada á evicción e saneamento nos termos previstos no Código Civil para o contrato de compravenda.





**Terceiro.-** Incluír os inmobles adquiridos no Inventario de Bens do Concello e proceder á súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Noia.

**Cuarto.-** Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura dos documentos pertinentes.

**Quinto.-** Serán por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta compravenda.

**Sexto.-** Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, trinta de novembro de 2017

O Alcalde



Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral



Juan Manuel Salguero del Valle